



Exploradores en Acción

A EDAD MEDIA





Ola, bos días!

Son Medievo, un cabaleiro da Idade Media.

Hoxe contareivos parte da miña historia e algunha curiosidade, coa axuda do alumnado de terceiro B, a través do kamishibai ou teatro de papel.

A Idade Media foi un período histórico longo e comprendido desde o século S. V (coa caída do Imperio romano de Occidente) ata o século o S. XV (co descubrimento de América). Historicamente sitúase entre a Idade Antiga e a Idade Moderna.

Eu nacín na época dos castelos e nunha sociedade que se dividía en tres grupos: os sacerdotes e monxes, que se dedicaban a rezar, os señores e os cabaleiros, que combatían na guerra e todos os demais, que xa fosen ricos ou pobres tiñan que traballar para vivir.




Os bispos e os reis eran as personalidades máis importantes da miña época.

Tamén estaban os monxes que vivían nos mosteiros e dedicaban a súa vida a rezar, a estudar, aos traballos do campo e acoller aos pobres.

Doutra banda, os señores eran os propietarios de case todas as terras e os únicos que tiñan dereito a cazar. Dereito que estaba prohibido aos campesiños, persoas que se dedicaban a cultivar unha parcela de terra que o seu señor deixáballes a cambio de parte da colleita. Este traballo de campo tamén era levado a cabo polos nenos.



Os cabaleiros eran guerreiros e a súa formación era longa e difícil. Todo cabaleiro debía saber coidar e manexar ben as armas e montar e adestrar ben ao seu cabalo.



Tras unha longa formación como escudeiros eran nomeados cabaleiros, nunha cerimonia relixiosa na que comprometíanse a axudar sempre aos máis débiles. O noso señor ou padriño poñíanos unha espada sobre o ombreiro e logo nos entregaba as armas.





Todo cavaleiro levava o seu corpo completamente cuberto por unha armadura que facía que fose imposible reconecelo, por iso gravábase no escudo o emblema da familia.

Os castelos estaban protexidos por altas murallas e grandes torres que facían moi difícil conquistalos, polo que resultaba máis fácil rodealos e esperar a que quedasen sen comida nin auga.

Moitas veces os castelos construíanse sobre un outeiro e estaban rodeados dun ancho foso cheo de auga.

Cando alguén atacaba o castelo elevábase a ponte levadizo e as armas e as provisións gardábanse na torre da homenaxe no que vivían o señor e a súa familia.


Os defensores do castelo ocultábanse tras as almeas e lanzaban frechas e auga fervendo sobre os inimigos.

Outras armas empregadas naquela época eran: as ballestas, as mazas con pinchos, o ariete para derrubar as portas do castelo, as catapultas para lanzar grandes pedras e destruír as murallas e as canóns que tamén tiraban proxectís de pedra.



Nun castelo vivía moita xente: o señor e toda a súa familia, xastres, zapateiros, ferreiros, carpinteiros, cociñeiros, mozos de cuadra, moitos serventes e mesmo un sacerdote.





A distracción favorita dos señores eran os torneos, combates nos que dous cabaleiros lanzábanse ao galope un contra outro vencendo o que lograba derrubar ao adversario coa súa lanza. Os torneos anunciábanse con moita antelación e a eles acudían todos os cabaleiros do país para mostrar a súa valentía aos nobres e ás damas, que os observaban desde as tribunas.

Algúns levaban na súa lanza as cores da dama da que estaban namorados.

Os castelos estaban protexidos por altas murallas e grandes torres que facían moi difícil conquistalos, polo que resultaba máis fácil rodealos e esperar a que quedasen sen comida nin auga.

Moitas veces os castelos construíanse sobre un outeiro e estaban rodeados dun ancho foso cheo de auga.

Cando alguén atacaba o castelo elevábase a ponte levadizo e as armas e as provisións gardábanse na torre da homenaxe no que vivían o señor e a súa familia.

Para os campesiños, a guerra era unha gran desgraza. Os soldados que non recibían ningunha paga durante as batallas, percorrían o país saqueando e roubando.

Destruíanse os cultivos e a xente non tiña nada para comer, debilitándose e enfermándose.



Isto só é parte da miña historia, queda moito por contar, pero contaréivola máis adiante coa axuda doutros grupos de alumnas e alumnos.

Xuntos descubriremos como era a vida no campo e as cidades, a época das catedrais, a invención do imprenta ou a figura de Cristóbal Colón.

Despídome de vós, moi atentamente.

Don Medievo

